

PAUTAS DE ACTUACIÓN CON NENOS-AS QUE PRESENTAN PROBLEMAS

DE ATENCIÓN E CENTRACIÓN NA AULA

Estas pautas serven tanto a nivel escolar como na casa.

As intervencións conductuales con nenos-as que presentan dificultades de atención, suelen incluír programas de consecuencias na aula, programas de intervención coordinada coa familia, programas de modificación das tarefas escolares e do ambiente da aula.

Todos eles requiren:

- Normas e instrucións claras, breves, a ser posible presentes de forma visible (carteis, sinais), que o neno-a poida repetir en voz alta ao ir a realizar a actividade.
- Proporcionar as consecuencias á conduta de forma inmediata e con maior frecuencia do habitual (fundamentalmente as positivas)
- Manter as consecuencias negativas proporcionadas ás positivas, aplicando o programa nun prazo razoable antes de empregar as primeiras (ó menos unha ou dúas semanas)
- Evitar aplicar os reforzos negativos de forma encadeada, creando dunha situación de castigo, un motivo para un novo castigo.
- Cambiar os reforzos, sobre todo os positivos, con frecuencia, pola maior tendencia á habituación destes rapaces e rapazas. Os reforzos poden deseñarse nun menú rotatorio que permita o seu cambio frecuente sin agotar alternativas.
- Anticipación ás respostas do neno-a. O programa debe ter unha perspectiva de futuro da que o neno-a carece, plantexando incluso recordar periódicamente as normas e obxetivos establecidos.

O obxectivo final debe ser desenrolar programas fácilmente aplicables na aula. Os obxetivos académicos e de sociabilización deben ensinársese á vez, indicando tanto os pasos da tarefa a realizar como a conduta que debe manterse, e verificando dita conduta con relativa brevedade (animando ao pequeno-a si a mantén, recordando a adecuada si non o

fai, empregando preguntas sinxelas para manter a súa atención na lección), o que permite aplicar consecuencias positivas inmediatas, consistentes e frecuentes.

Este plantexamento esixe do profesor-a tan solo modificar a súa forma de interacción co neno-a para atender mais ás actitudes positivas que ás negativas co simple método de plantexar obxetivos menos ambiciosos pero mais realistas e a curto prazo, polo que disporá de mais oportunidades para felicitar ao neno-a que para reñirle.

PAUTAS PARA TRABALLAR A ATENCIÓN

Algunhas pautas que poden resultar útiles á hora de traballar a atención son:

- Presentar sempre a tarefa como un xogo. En ocasións podemos xogar cos nenos-as para que se motiven aínda mais
- Empregar actividades variadas en cada momento para non permitir a fatiga e o aburrimiento
- Practicar dúas ou tres veces por semana e non mais de 15 min.
- É importante non acilitar en exceso a actividade ou tarefa, é dicir *axudar só cando sexa necesario*
- Non aclarar as dúbidas si o neno-a non estivo atento. É necesario que faga un verdadeiro análise do que se lle propón.
- Non se lle deben sinalar os erros, sinón mais ben facilitar que realice outra vez o proceso, o fin é que *sexo el mesmo quen descubra os erros* e por tanto a forma de non repetilos

ACTIVIDADES PARA POTENCIAR E ESTIMULAR A ATENCIÓN

Existen multitude de actividades que nos serven para mellorar e entrenar a atención, por exemplo:

- Caligrafía
- Copia dun texto
- Corrección de ditados ou outras tarefas que deban controlarse mediante a pizarra
- Seguimento auditivo dun conto ou outra narración
- Seguimento de lectura colectiva...

Ademais destas tarefas (que se fan frecuentemente na aula) pódense sugerir outras como:

- **Asociación visual**, actividade mecánica que esixe concentración, ritmo de traballo e persistencia ao seguir unha instrución dada. Serían exercicios de substituír, asociar ou relacionar con flechas
- **Percepción de diferencias**
- **Integración visual:** o neno debe completar unha imaxe ou un dibuxo que está parcialmente borrado. Polo tanto, debe ter clara a imaxe mental do obxecto para poder encontrar o elemento que falta. As repercusións deste tipo de exercicios son claras na aprendizaxe, xa que en moitos momentos vaise pedir ao neno-a unha análise de texto e a constatación de pequenos detalles que serán valorados (tildes, diéresis..) debendo recordar, reproducir ou diferenciar unha palabra por estes detalles
- **Identificación de acertos e erros** Por ex. Póñense unhas operacións co resultado reflejado, facer o cálculo de cada unha das operacións e comparar o resultado co que aparece impreso; retificar cando se detete o erro; verbalizar en que consiste ese erro. A partir dunha copia ou ditado: formar frases coa palabra escrita correctamente, corregir textos no caderno de traballo
- **Discriminación visual. Agudeza visual**
- **Laberintos**
- **Seguimento visual**
- **Figura-fondo**
- **Atención auditiva**
- **Localización rápida de datos.**

Na casa, tamén se pode colaborar na capacidade de concentración dos nenos:

- Seguindo as mesmas pautas de comportamento que na escola. Si en clase non se lle permite levantarse cando quere, tampouco na casa...
- Realizar unha mesma rutina todos os días, sobre todo á hora de estudar (no mesmo lugar , á mesma hora...)
- Organizar co neno-a as actividades de cada día
- Establecer unhas normas claras e sinxelas que sexa capaz de comprender. Facerlle entender que cando non se cumpren, aparecen unhas consecuencias

Podemos axudarlle a elaborar un horario de estudo, seguindo as seguintes pautas:

- Facer un listado das actividades que realice diariamente

- Planear un horario semanal, tendo en conta que non todas as semanas son iguais e que debemos adecuar o horario ás festas, compromisos familiares, etc.
- Poñer tarefas concretas e cortas, a ser posible
- Dedicar os mellares espacios no horario ás tarefas mais difíciles
- Modificar o horario, no caso de que os cambios poidan ser positivos para o neno-a
- Procurar que as horas de estudio sexan sempre as mesmas e no mesmo lugar
- Premiar o cumprimento dese horario

Cando se planea un horario de estudio e se cumpre con el de forma constante, o noso fillo-a aprenderá rutinas que lle serán útiles para levar a cabo o seu traballo de maneira ordeada, acostumbrándose a un ritmo de traballo e de descanso.